

## DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN MEMORIA DAS VÍTIMAS DO HOLOCAUSTO

En 2005, a Organización das Nacións Unidas decidiu designar o 27 de xaneiro como Día Internacional en memoria das vítimas do Holocausto, en conmemoración da liberación, nesa data do ano 1945, do campo de concentración e exterminio nazi situado en Birkenau, Auschwitz, onde morreron asasinadas entre un millón e medio e dous millóns e medio de persoas.

Durante a Segunda Guerra Mundial, o réxime nazi e os seus colaboradores asasinaron a aproximadamente seis millóns de persoas da comunidade xudía europea, movidos por unha ideoloxía racista que tamén perseguíu e asasinou a outros seis millóns de persoas, entre eles a xitanos, minusválidos, opositores políticos, homosexuais e membros de outros colectivos.

A Deputación Provincial da Coruña, recollendo o mandato expresado pola ONU na súa Resolución 60/7, e aproveitando así mesmo a celebración do Día Escolar pola Nonviolencia e a Paz o 30 de xaneiro, insta a todas as administracións públicas a elaborar, divulgar e fomentar os programas educativos que difundan entre as xeracións futuras as ensinanzas do Holocausto, co fin de axudar a previr actos de xenocidio no futuro.

O lema das Nacións Unidas para a conmemoración de 2018, “Lembranza e ensinanza do Holocausto, a nosa responsabilidade compartida”, pon de relieve a dimensión universal do Holocausto e resalta que a educación sobre esta traxedia debería fomentar o total rexeitamento da humanidade ante toda manifestación de racismo, violencia e antisemitismo

Así mesmo, a Deputación Provincial da Coruña rexeita e condena toda negación, parcial ou total, do Holocausto como feito histórico.

Por último, a Deputación Provincial da Coruña quere lembrar tamén que entre os millóns de vítimas internadas e asasinadas nos campos de exterminio do réxime nazi, atopábanse milleiros de persoas da cidadanía galega e española de ideoloxía republicana, que padeceron dor e morte, coa necesaria complicidade da ditadura franquista.

O Voceiro do Grupo Provincial  
PARTIDO POPULAR

O Voceiro do Grupo Provincial  
PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA-  
PSOE

Asdo.: Agustín Hernández Fdez. de  
Rojas

Asdo.: Bernardo Fernández Piñeiro

O Voceiro do Grupo Provincial  
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

O Voceiro do Grupo Provincial MAREA  
ATLÁNTICA

Asdo.: Xosé Regueira Varela

Asdo.: Daniel Díaz Grandío

O Voceiro do Grupo Provincial  
COMPOSTELA ABERTA

O Voceiro do Grupo Provincial  
ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

Asdo.: Manuel Dios Diz

Asdo.: Ángel García Seoane